

# Angélica Salvi, Ece Canli, Ivanková, Superorganismus e Ana Lua Caiano actúan esta fin de semana no Sinsal Primavera de Vigo

A programación conformada por cinco proxectos de vangarda liderados por mulleres conta co apoio do Concello de Vigo

As entradas están dispoñibles no web [www.enterticket.es](http://www.enterticket.es); e os billetes para as sesións do MARCO permitirán acceder, gratuitamente, aos concertos da Sala Radar nas noites do venres 19 (SIPHO.) e do 20 de maio (Ana Lua Caiano)



**Vigo, 16 de maio de 2023.-** Vigo acollerá esta fin de semana unha nova edición do **Sinsal Primavera**. **Angélica Salvi, Ece Canli, Superorganismus** -proxecto musical de Tramontana e Luz González- e **Ivanková** conforman o cartel das sesións que terán lugar os días 19 e 20 de maio no **MARCO de Vigo**. Como novidade, a programación extenderase a un dos principais recintos de música ao vivo da localidade, a **Sala Radar**, que acollerá o concerto da portuguesa **Ana Lua Caiano** na noite do sábado 20.

Impulsado pola promotora cultural viguesa Sinsalaudio, **Sinsal Primavera** propón visualizar propostas musicais singulares e únicas, **vinculadas á experimentación e á creación contemporánea**. O evento, que conta coa colaboración principal do Concello de Vigo, e co apoio do MARCO, do Instituto Camões e da Sala Radar, ofrecerá esta fin de semana unha programación conformada por **cinco proxectos de vangarda liderados por seis bandas ou solistas** chegadas de distintos puntos de España, Portugal, Suíza e Turquía.

As **entradas do Sinsal Primavera están á venda** na plataforma web [www.enterticket.es](http://www.enterticket.es). O prezo da entrada anticipada para cada xornada no MARCO é de 15 euros (agás no caso dos billetes para as e os menores de 10 anos, cuxo acceso será gratuito). Todas as persoas que posúan entrada para algún dos concertos do MARCO, **poderán asistir de forma gratuita aos concertos da Sala Radar nas noites do venres 19 (SIPHO., 22:45h) e do sábado 20 (Ana Lua Caiano, 23:00h)**. As entradas para estes directos tamén están dispoñibles en Enterticket por 8 euros anticipada e 10 euros na billeteira.

## ÚLTIMAS ENTRADAS PARA SINSAL SAN SIMÓN

Por outra banda, Sinsalaudio lembra que aínda é posible adquirir **algunha das últimas entradas dispoñibles** para poder asistir á nova edición do **Festival Sinsal SON Estrella Galicia 2023**, que se celebrará do 21 ao 23 de xullo na illa de San Simón (Redondela). Tanto os abonos como as entradas do sábado 22 e domingo 23 esgotáronse ás poucas horas da súa saída á venda -tanto desde o embarcadoro de Vigo coma desde Meirande-.

Nos vindeiros días anunciarase a **programación de actividades paralelas** que terá lugar, de xeito gratuito, durante a celebración do evento musical, e que inclúe tanto diferentes paseos para descubrir patrimonio natural e histórico da illa, coma outras iniciativas para afondar no coñecemento da cultura musical e de vangarda.

## BIOGRAFÍAS SINSAL PRIMAVERA 2023

**ANGÉLICA SALVI** (España) | MARCO. Venres 19, 20:30 horas

Angélica Salvi é unha arpista española que reside en Porto (Portugal) desde o 2011. Dedicase á **improvisación dentro da música contemporánea e da electroacústica**, explorando varias técnicas de preparación e amplificación do instrumento na procura de novos timbres e sonoridades. A arpista convida ao público a mergullarse nas súas vivencias emocionais e espirituais, empregando as mesmas para escribir o guión dun soño.

**ECE CANLI** (Turquía) | MARCO. Venres 19, 21:30 horas

Ece Canli é artista, música e investigadora. Naceu en Turquía e reside en Porto (Portugal). Na súa práctica artística e vocal **explora o estado liminal dos corpos agonizantes e demonizados**, a desvinculación corporal e mental, e as expresións extralingüísticas por medio de técnicas vocais extendidas. Colaborou con varios artistas, músicos e coreógrafos a nivel internacional e creou bandas sonoras para performances ou exposicións.

**SUPERORGANISMUS** (Suiza) | MARCO. Sábado 20, 20:30 horas

Tramontana e Luz González crean *Superorganismus*, unha peza electroacústica para flauta, viola, arpa e electrónica ao vivo. A proposta agroma coa intención de **xerar música de forma cooperativa e horizontal**. Aínda que as catro músicas sexan independentes, a electrónica de Luz González pode modificar o son de Tramontana, mais os instrumentos acústicos son a raíz sonora dun superorganismo que o público percibirá coma un todo.

**IVANKOVÀ** (España) | MARCO. Sábado 20, 21:30 horas

Ivankovà investiga as emocións implícitas nos estados de trazo que se alcanzan mediante a repetición sonora, a escoita atenta ou o drone. Composicións de longo desenvolvemento e tensións harmónicas xestadas a partir de mantras vocais e instrumentos electrónicos e electroacústicos, elaboran épicas paisaxes sonoras influenciados polo romanticismo e a estética neo-medieval. Desde o seu inicio en 2015, o seu traballo foi difundido en eventos como Matadero Madrid, Curtocircuíto ou LEV Festival, entre outros.

**ANA LUA CAIANO** (Portugal) | Sala Radar. Sábado, 23:00 horas.

Cantante, compositora e artista multidisciplinar. Ana Lua Caiano converte constantemente a experiencia en creatividade e **explora a fusión do folclore portugués co música electrónica e sons cotiáns**. Nos seus directos, parte de bases sinxelas para construír marcos rítmicos usando beatbox, palmas, tambores e maracas, nas que superón texturas de teclado, sons ambientais e a propia súa voz.

## PROGRAMACIÓN SINSAL PRIMAVERA 2023

**Venres 19** | MARCO de Vigo

20:30 horas - Angélica Salvi

21:30 horas - Ece Canli

**Sábado 20** | MARCO de Vigo

20:30 horas - Superorganismus

21:30 horas - Ivankovà

**Sábado 20** | Sala Radar

23:00 horas - Ana Lua Caiano

*\* As entradas para as sesións no MARCO darán acceso, de balde, aos directos da Sala Radar do venres 19 (SIPHO., 22:45h) e sábado 20 (Ana Lua Caiano, 23:00h).*

## CONTACTO DE PRENSA SINSALAUDIO

Lucía Pita | 675 404 321

[prensa@sinsalaudio.org](mailto:prensa@sinsalaudio.org)

## PRESS KIT SINSAL PRIMAVERA

<https://www.dropbox.com/sh/2lz0vt4l1m03ieg/AADZSHfy5dnUs8dmQGgITwrFa?dl=0>

festival.sins.al

ORGANIZA

 SINSALAUDIO

COLABORADOR PRINCIPAL



COLABORAN

 MARCO  
MUSEO DE ARTE CONTEMPORANEA DE VIGO

 COMITÉS ORGANIZADORA FESTIVAL SINSAL

 RADAR